

A PROTECCIÓN ANIMAL EN COMPOSTELA

Isabelle Kerdudo, vocal de protección animal de ADEGA

Hai un ano abriu as súas portas no lugar de Bando (San Marcos) o novo Refuxio municipal que recolle os animais abandonados do Concello e doutros municipios da Mancomunidad. Trátase dun albergue modelo con instalacións amplas para acoller cans e gatos, aínda que puntualmente recibe tamén algunhas aves feridas. Na actualidade, máis de 200 cans e 40 gatos están aloxados en 3 módulos e gozan de parques para que fagan exercicio e socialicen.

O cadro de persoal do Refuxio está composto de coidadores, un laceiro e unha veterinaria, Paloma Aguirre, que dirixe tamén este centro pioneiro no país. Ademais, equipos de persoas voluntarias participan na vida diaria do refuxio, sacando a pasear os animais e dándolles o cariño que lles falta mentres non atopan un fogar responsábel. A aula de educación ambiental recibe grupos procedentes de colexios, asociacións veciñais, etc, ou grupos de persoas con discapacidades, e realiza diversas actividades divulgativas sobre o tema.

A canle de televisión Localia ofrece un espazo informativo sobre o refuxio os martes ás 19:30; nel pódense efectuar consultas veterinarias e coñecer os novos residentes do refuxio.

No caso de adopción, o Refuxio garante un animal san vacunado, desparasitado e identificado con microchip; isto último é hoxe unha obriga legal de todos os propietarios de cans.

ASOCIACIÓN DE PROTECCIÓN ANIMAL

Este outono naceu en Compostela unha asociación de Protección Animal que vai traballar en paralelo ao novo Refuxio de Bando. Os seus obxectivos son fomentar a posesión responsábel de animais domésticos e evitar por conseguinte os numerosos abandonos que se producen diariamente na Comarca. O seu ámbito de acción é municipal, se ben poderá desenvolver campañas xerais de sensibilización de forma máis ampla. As súas accións baséanse nunha colaboración permanente co Refuxio, velando polos intereses dos

animais e realizando traballos de apoio en coordinación con este.

Así mesmo, ten previsto realizar charlas, obradoiros, visitas para fomentar as adopcións dos cans e gatos residentes no Centro e visitas en prevención do abandono, así como outras accións vinculadas á protección animal. Todas as persoas sensibilizadas neste tema e interesadas en participaren no proxecto poden informarse no propio refuxio.

Contactos (tamén no caso de adopción)
teléfonos: 981 57 59 57 (mañás) 646 49 28 35
endereço electrónico: refuxioaytocompostela.es
web: refuxio.santiagodecompstela.org



AULA DO MAR

Centro de Recepción de Visitantes do "Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes"

O CEIDA anuncia a apertura dun novo equipamento de educación ambiental sobre o mar e a costa, os seus recursos e a súa conservación, situado na costa norte do Concello de Oleiros.

Información e visitas

tfo: 981 630618 fax: 981 614443
correo-e: educacion@ceida.org



C E I D A
CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA